

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DAS FONTIÑAS
CURSO: 4º DE PRIMARIA
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN FÍSICA
DATA: 12 DE MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

1. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)

Dado que a Educación Física nesta etapa terá un carácter eminentemente global e lúdico, ata o punto de converter o xogo no contexto ideal para a maioría das aprendizaxes, convértese nunha área difícil de desenvolver no plano individual e telemática.

Partindo deste principio pedagóxico, da globalidade e do xogo, nestas circunstancias é imposible a súa aplicación. Tratarei con carácter xeral de conseguir afianzar ou perfeccionar, a través da colaboración das familias todos AQUELES ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE QUE MÁIS TEÑAN QUE VER COA AUTONOMÍA PERSOAL NA XESTIÓN DA súa SAÚDE, NA ADQUISICIÓN DE HÁBITOS SAUDABLES E NO RESPECTO AOS DE MAIS.

Seguindo as directrices da Administración e considerando que TODO O ALUMNADO TEN APROBADA A PRIMEIRA E A SEGUNDA AVALIACIÓN, todas as propostas de actividades (vía telemática) terán carácter de reforzo e axuda para un maior desenvolvemento autónomo para a súa responsabilidade persoal nestes dous meses sen a miña presenza física.

Periodicamente, a través da páxina web do centro colgaranse exercicios co obxectivo de que o alumnado poida reforzar as aprendizaxes adquiridas e alcanzar os estándares de aprendizaxe que se expoñen na adaptación da programación didáctica.

2. Avaliación e cualificación.

Tendo en conta que todo o alumnado ten aprobadas a primeira e a segunda avaliacións, a nota final do curso será:

Nota final= 0,4 x nota 1ª avaliación + 0,6 x nota 2ª avaliación

3. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

ESTÁNDARES DE PRENDIZAXE DO CUARTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA.

Bloque1. Contidos comúns en educación física.

- Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.
- Coñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e nos habituais.

Bloque 2. O corpo: Imaxe e percepción.

- Recoñece os dous tipos de respiración.
- Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento.
- Reacciona ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles.

Bloque 3. Habilidades motrices.

- Realiza desprazamentos en diferentes tipo de contornos intentando non perder o equilibrio.
- Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.

Bloque4. Actividades físicas artístico expresivas.

- Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais.
- Leva a cabo manifestacións artísticas sinxelas.

Bloque 5. Actividade física e saúde.

- Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física.

Bloque 6. Os xogos e actividades deportivas.

- Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.

- Realiza distintos xogos e deportes tradicionais.

Utiliza os espazos naturais, respectando a flora e a fauna do lugar.